



AURELI ARGEMÍ

RECORDEAR A NACIÓN

Ao redor do 1 de outubro, día en que hai cinco anos a cidadanía catalá votou en referendo que quería ser, conversamos con Aureli Argemí (Sabadell, Catalunya, 1936). Este teólogo, activista e soberanista de longa traxectoria é fundador e presidente emérito do Ciemen e infatigábel defensor dos dereitos das nacións oprimidas. "A min tocoume sementar", reconece, pois tanto el como o Ciemen están na cerna de moitas das ferramentas actuais dos pobos: desde a Conferencia de Nacións sen Estado de Europa Occidental á Assemblée Nacional Catalana.

"Un auténtico amigo da Galiza". Así define a profesora María Pilar García Negro a Aureli Argemí. Ambos coincidiron durante anos en xornadas, debates e na construción de iniciativas a prol dos dereitos nacionais e lingüísticos da Galiza e Catalunya. O certo é que Argemí coñece de perto Galiza e mesmo hai un curioso fío condutor entre o noso país e a súa conformación intelectual. Antes de fundar en 1974 o Centre Internacional Escarré per a les Minories Ètniques i les Nacions (Ciemen) e moitas outras iniciativas en defensa dos pobos, foi monxe na abadía de Montserrat. Precisamente, é nese enclave onde a 1 de febreiro de 1938 se reúnen as Cortes da II República e admiten a trámite -grazas ao traballo titánico de Daniel Castelao- o estatuto da Galiza, plebiscitado xa en 1936.

—En 1965 atópase na Abadía de Montserrat como secretario do abade Aureli Escarré e nese ano parte con el ao exilio. Como lle influíu a estadia en Montserrat e traballar ao carón de Escarré? Montserrat na Idade Media xa era un centro de confluencia de peregrinos de todo o mundo. Converteuse en santuario cultural dunha especie de internacionalización de mensaxes

do Evanxeo e de defensa dos dereitos dos pobos. E isto perdurou sempre. Cando chega a I República o primeiro que fai o Goberno de Madrid é prohibir que Montserrat teña dimensión internacional e quere fechar o mosteiro por ser un centro sobre todo de reivindicación nacional catalá. Non o conseguen fechar. Logo, na guerra, queren destruír o mosteiro, os monxes teñen que marchar, algúns mátanos. Volven despois nun panorama desolador e elixen un novo abade, Aureli Escarré, que viña dunha experiencia longa en Italia, coñecera o fascismo, e dixo que Montserrat tiña que ser un puntal contra o fascismo e a favor dunha Igrexa aberta e progresista, contra o nacional-catolicismo que imperaba no Estado español.

Durante o seu mandato como abade de Montserrat, moitas veces falou publicamente contra o réxime que se proclamaba cristián e que non tiña nada que ver cos principios do cristianismo e isto provocou problemas co réxime. O punto álxido foi cando en 1963 Escarré fixo unhas declaracións a *Le Monde*, publicadas en primeira páxina, en que analizaba o Estado como réxime fascista, un Estado ditatorial e contra os dereitos humanos e da lingua, cultura e nación catalás. Finalmente en



ENTREVISTA ALBERTE MERA
FOTOGRAFÍA SERMOS GALIZA

1965 o abade tivo que exiliarse e eu acompañeino no exilio como o seu secretario até a súa morte.

—É precisamente en Italia, en 1974, onde funda o Ciemen. Que o levou a crealo?

Tiven a ocasión de coñecer practicamente toda a oposición ao franquismo: de dereitas, de centro, de esquerdas... Coñecín o president no exilio da Generalitat Josep Tarradellas; a que fora xefa dos anarquistas, Federica Montseny, e xente da democracia cristiá dentro de Italia e fóra dela, mesmo de Unió Democràtica de Catalunya. Este coñecemento ampliou moito a miña visión do mundo e cando morreu o abade Escarré pensei que iso podía ser a base para facer un centro de investigacións sobre o coñecemento dos pobos sen Estado, pola defensa dos seus dereitos e pola creación dunha rede de solidariedade entre eles. Así, na orixe do Ciemen está a miña experiencia no exilio, os contactos con moita xente que loitaba para liberar os pobos e a necesidade de contar cun centro en que confluísen.

Fundeí o Ciemen en Italia, en España era imposíbel, pero despois, no sur de Francia, na abadía de Cuixà (Conflent), na Catalunya Nord, onde vivín algúns anos, comezamos a organizar as xornadas internacionais do Ciemen. Nesas xornadas coñecín María Pilar García Negro. Alí discutíase sobre os problemas das nacións sen Estado. Foi unha iniciativa pioneira en Europa, de aí a importante confluencia de persoas de todas as partes.

Despois desa primeira iniciativa comezamos a organizar colaboracións entre os pobos, primeiro con galegos e vascos. Logo, en 1982-1983, fundamos a Conferencia de Nacións sen Estado de Europa, e isto xa tiña unha base máis ampla. É unha prolongación daquelas conferencias iniciadas en Cuixà e tivo grande eco. Aínda moitos a recordan porque chegou a crear unha rede de colaboración ente os pobos de Europa.

Finalmente en 2012 fundamos outra organización que ten unha dimensión máis ampla: a Rede Internacional dos Dereitos Colectivos dos Pobos. E esta é a carreira do Ciemen en colaboración coas nacións sen Estado.

"A INDEPENDENCIA VESE CADA VEZ MÁIS COMO A POSIBILIDADE DE CREAR UN PROXECTO COMÚN EN QUE ESTEAN TODOS OS POBOS AO MESMO NIVEL"

—No legado do Ciemen tamén está a pioneira Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos.

O Ciemen tamén foi e é escola de investigación para o coñecemento dos pobos e o recoñecemento dos seus dereitos. E si, un dos froitos máis importantes das investigacións foi en 1995 cando publicamos coa colaboración de expertos de todo o mundo a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos. Gustaríame que na Galiza tamén se puidesen organizar actos por esta efeméride, houbo galegas e galegos que participaron da concreción desa declaración que é moi importante porque é a primeira vez que se fala das linguas, mais sobre todo fálase do suxeito das linguas, que son as persoas. Non hai linguas nin máis nin menos relevantes, todas son igualmente importantes porque son dereitos das persoas. A superposición de linguas para dominar unhas e minorizar outras está en contra dos dereitos básicos lingüísticos.

E outra cuestión que foi base doutrinal para nós é a Declaración Universal dos Dereitos Colectivos dos Pobos, de 1989, que tivo gran proxección e está na base da Alianza Libre Europa, grupo que reúne as e os eurodeputados favorábeis á liberación dos pobos.

—Na relación naqueles anos Galiza-Catalunya tamén está a participación no Bureau Europeo polas linguas menos estendidas.

O Bureau naceu en Irlanda para a defensa das linguas que daquela se dicían minoritarias. En todo caso serán minorizadas, porque as linguas son linguas e todas son minoritarias no mundo. Ningunha lingua é de todos, mesmo o Esperanto fracasou. A pluralidade é inherente á natureza humana.

Así pois o Bureau naceu so a idea de crear un espazo para traballar na coordinación de políticas favorábeis a estas linguas. En Catalunya fixémonos membros del e eu puxen como condición que había que pór tamén como membros a galegos e vascos, Pedíronme entón que buscasse interlocutores e evidentemente atopeinos na Galiza en María Pilar García Negro. Logo sucedeuna no Bureau a profesora María do Carme Fernández Pérez-Sanjulián. Eran as interlocutoras na Galiza.

De igual modo, antes tamén houbera interlocutores da Galiza na Conferencia de Nacións sen Estado de Europa, practicamente de todos os partidos de raíz nacional galega. Alí estaba Bautista Álvarez, por exemplo, que representaba a máis comunista, e persoas que eran máis moderadas. Mais sempre a base de todo era: "Non imos defender a autonomía, senón o dereito á autodeterminación dos pobos". Isto era a base para poder ser membro da Conferencia de Nacións sen Estado.

—E na Europa actual onde situarías os principais focos de conflito territorial e aspiración nacional?

Hai uns anos vivimos o proceso de recuperación dos dereitos dos pobos do leste de Europa. Foi un momento importante para ver o mapa futuro posíbel de Europa. Cando a URSS practicamente se elimina xorden os distintos pobos e algúns chegan a exercer o dereito básico de autodeterminación. E na outra parte, digamos no mundo da Comunidade Europea, tamén hai procesos importantes.

O caso máis avanzado é o de Escocia onde actualmente a independencia vese non para estar separados doutros, senón para integrarse mellor nun proxecto común. A independencia vese cada vez máis como a posibilidade de crear un proxecto común no que estean todos os pobos ao mesmo nivel. Esta é precisamente a base ideolóxica do Scottish National Party (SNP): integrarse sen depender.

Logo está Catalunya, que a 1 de outubro de 2017 exerceu o dereito de autodeterminación, aínda que non conseguiu a independencia.

Por outra banda está Bélxica onde hai procesos importantes para chegar a un momento de superar a división que hai actualmente nese Estado, que é un Estado totalmente artificial.

Está tamén o caso de Córsega, onde gañaron os partidos nacionais con 64% de apoio nas eleccións de hai tres meses.

Logo hai outros procesos menos avanzados pero con forza que indica que si se poden superar as condicións actuais. Isto atopámolo na Galiza, País Vasco, Sardeña... Hai un proceso mais sempre hai un freo do Estado.

Os Estados menten cando din que o dereito de autodeterminación é un dereito das colonias, pois vimos que en Europa se exerceu moitas veces nos últimos anos. Hai uns dereitos que son inalienábeis e que pertencen a todos os pobos, sexan colonizados ou simplemente queiran exercer o dereito básico para seren eles mesmos.

—Sentíronse orfos en Catalunya nos últimos anos por parte desta Unión Europea que ao final foi unión de Estados e non de pobos?

Se lemos ben a historia de Europa vemos que despois da II Guerra Mundial os pais de Europa -Schuman, De Gasperi...- dixeron que os tratados entre Estados en Europa sempre acabaron mal porque foron tratados entre poderes e remataron con guerras. Preguntáronse por que non facer unha unión europea sobre a base das e dos cidadáns e dos seus pobos. Isto era a intención desa Europa do futuro. Mais desgraciadamente sabemos que os Estados roubaron a idea e fixéronse os propietarios dela dicindo que eran eles quen representaban os pobos. Confunden Estado e pobo e vense como garantía da pluralidade en Europa. Os Estados non cren moito na UE, mais si a ven necesaria para salvarse dentro dun mundo que é global.

E que pasou? Moitas persoas europeas, pobos e linguas ficaron marxinadas por ser diferentes. Diferentes respecto da idea de unidade que ten o Estado, porque a unidade e Europa son o froito da pluralidade de culturas, linguas e pobos. Somos contrarios a esa unificación e globalización que pon o poder nuns poucos que oprimen os outros.

—Ademais o comportamento de Europa cos pobos é paradigmático co seu apoio a Turquía. No Ciemen teñen estudado moito o caso kurdo. O caso Kurdo é curioso. Cando cae o Imperio Otomán, as grandes potencias, Francia e Inglaterra, dividen o territorio do antigo imperio co apoio da URSS. Fan o Iraq e o Irán, mais queda un pobo no medio que non saben onde colocalo porque ten dúas riquezas esenciais: auga (alí nacen o Tigris e o Éufrates) e petróleo. Hai unha loita entre os diferentes Estados

que se están a formar e hai un tratado para buscar unha solución posterior para que os kurdos teñan o seu Estado. Mais ese tratado non se aplica e hoxe os kurdos están en Turquía (máis de 20 millóns), Siria, Iraq e Irán; ademais dunha pequena parte en Armenia. As relacións son diferentes en cada territorio: no Iraq son case independentes mentres que en Turquía son os máis perseguidos. En Siria reconquistaron o seu propio territorio mais teñen ao lado o exército sirio que non quere darlles autonomía e no outro lado Turquía que ve o gran perigo de que os kurdos de Siria sexan independentes.

É moi interesante ver a evolución de cada parte do Kurdistán e os movementos internos de liberación, en todos os sentidos: de liberación nacional e social. Isto vese especialmente nos últimos tempos no Kurdistán de Siria onde a igualdade é absoluta e as mulleres teñen gran rol desde a ensinanza á loita, con dirixentes militares da autodeterminación. Son mulleres libres e liberadas.

—'Sobirania o submissió' é o ensaio que publicou en 1993. O título xa indica o carácter pioneiro da obra, que formula unha alternativa elocuente e moi concreta anos antes de que se popularizase o termo 'soberanismo'. Hai democracia sen soberanía? E como ve a situación do soberanismo catalán?

O proceso colle pulso sobre todo a partir de 2010 cando o Tribunal Constitucional limita drasticamente as competencias de Catalunya aprobadas na reforma do Estatut. Dáse un proceso de mobilización popular e a sociedade civil toma conciencia de que ela mesma é básica en calquera movemento de liberación nacional, non só os partidos políticos, que tamén, senón que se ve necesaria a organización da sociedade civil. E comezan as grandes manifestacións cunha entidade, a ANC, e mais Òmnium Cultural. A ANC é a consecuencia doutro movemento que era a Plataforma polo Dereito a Decidir. Curiosamente, isto é o resultado de todo un movemento que en parte nacera na Conferencia de Nacións sen Estado e do traballo do Ciemen. De feito, a Plataforma polo Dereito a Decidir fundouse nos locais do

Ciemen e aí foi onde tivo a ANC o seu primeiro despacho, o que sitúa o Ciemen como instrumento que serviu para dar vida a este proceso. Logo, os políticos ven que teñen que responder á reivindicación social de exercer o dereito de autodeterminación.

O president Artur Mas en 2014 téntao, mais non o deixan. Con todo, faise unha especie de simulacro de votación en que gaña o 'si' á independencia. Antes houbera outro movemento popular de votación en diferentes concellos onde tamén gañara o 'si'. Máis tarde, cando o movemento ten máis dun millón de persoas na rúa, o president Puigdemont di que hai que dar unha resposta definitiva e propón o referendo. Realizámolo a pesar de que o Estado o prohibira e fixera de todo para impedi-lo. Exercemos un dereito dos pobos e un Estado impide cumprilo, actuando non como un Estado democrático senón como un Estado opresor. E aí, a partir do 1 de outubro de 2017, as forzas van buscando unha saída ao que decidimos en referendo. Algúns procuran chegar ao día en que realizar outro referendo pero coas garantías e apoio da comunidade internacional. Isto é, repetir o mesmo que fixemos en 2017. Persoalmente creo que o referendo xa o fixemos, o resultado foi positivo, o que temos que facer é buscar a forma para poder exercer ese dereito. E iso non é repetir o referendo senón pór en práctica o que decidimos. Moitos políticos din que agora temos que empezar conversas e negociacións co Estado, creo que é positivo, mais sen perder de vista que o que estamos buscando é exercer o dereito de autodeterminación que ten como conclusión a independencia.

—Está a traballar nas súas memorias. Cando saíran do prelo? Espero que no mes de decembro. Antes desta entrevista estaba a darlles a última lectura para corrixir algúns detalles. Non son unhas memorias no sentido clásico. Decidín dar testemuño dunha época que rematou e que vén de comezar. Por iso o título é *Tocoume sementar*. Uns fan rañaceos, a min tocoume sementar. Sementar ideas, proxectos... Gustaríame presentalo un día na Galiza.



Sermos Galiza



Sermos Galiza

Aureli Argemí encabezando a comitiva do Ciemen na manifestación da ANC, o pasado 11 de setembro na Diada.

Conversa de Alberte Mera con Aureli Argemí en Barcelona, nun café da Roda de Sant Pere, após a tradicional ofrenda floral a Rafael Casanova na Diada.